

RESOLUCIÓN NÚM. 154 /2013, DO 12 DE XUÑO DE 2013, DE APROBACIÓN DAS BASES PARA A PROVISIÓN DE DOCE PRAZAS PERSOAL PARA O GRUPO DE EMERXENCIAS SUPRAMUNICIPAL (PERSOAL LABORAL)

Primeira.- Obxecto da convocatoria

É obxecto desta convocatoria cubrir doce prazas de persoal para o Grupo de Emerxencias Municipal (persoal laboral), polo sistema de concurso-oposición libre).

Segunda.- Requisitos dos aspirantes

1. Para seren admitidos para realizar as probas selectivas, as persoas aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

- a) Ser español ou posuír a nacionalidade de calquera dos Estados membros da Unión Europea ou a dalgún dos Estados aos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores nos termos definidos no Tratado Constitutivo da Unión Europea, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, todo iso nos termos do artigo 57 do Estatuto básico do empregado público.
- b) Ter cumpridos os 18 anos da idade e non superar a idade máxima de xubilación.
- c) Estar en posesión do título de graduado en educación secundaria obrigatoria ou graduado escolar ou equivalentes para os efectos laborais. (O certificado de escolaridade considérase equivalente ao graduado escolar, segundo a Orde do 20 de xuño pola que se establece a equivalencia do certificado de escolaridade e de outros estudos co título de graduado escolar regulado na Lei 14/1970, do 4 de agosto, xeral de educación, e financiamento da reforma educativa para efectos laborais).
- d) Non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións.
- e) Non ter sido separado do servizo de ningunha Administración Pública en virtude de expediente disciplinario nin estar inhabilitado, por sentenza firme, para o exercicio de funcións públicas.
- f) Estar en posesión do permiso de conducir tipo C.

2. As persoas aspirantes deberán posuír todos os requisitos esixidos no apartado anterior o día no que remate o prazo para presentar as solicitudes e conservalos, polo menos, ata a data do seu nomeamento como persoal laboral, de ser o caso.

Terceira.-Solicitudes

1. As persoas que desexen tomar parte nas probas selectivas deberán facelo constar mediante instancia dirixida ao alcalde do Concello de Ponteceso. A instancia conterá, polo menos, os datos persoais, o enderezo e a denominación da praza e deberá constar, expresamente, que reúnen todas e cada unha das condicións esixidas na base segunda da convocatoria.

As persoas que desexen tomar parte nas probas deberán achegar coa instancia a documentación que desexen que se teña en conta na fase de concurso e que sexa conforme co establecido nos apartados posteriores destas bases.

2. O prazo para presentar solicitudes será de 7 días. As bases saíran publicadas na páxina web do concello (www.ponteceso.net) e no taboleiro de anuncios e o anuncio da

convocatoria nesa páxina web, no taboleiro en un dos xornais de maior difusión da provincia.

3. As persoas interesadas poderán presentar as solicitudes no Rexistro Xeral do Concello de Ponteceso ou por calquera das formas establecidas no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. As persoas que presenten as solicitudes a través de Correos, deberán entregalas nun sobre aberto para que o funcionario de Correos as sele e as date antes de ser certificadas. No caso de entregar a solicitude en Correos, as persoas interesadas deberán enviar un fax durante o mesmo prazo que o que está sinalado para presentar as solicitudes. As persoas aspirantes deberán actuar do mesmo xeito no caso de presentar as solicitudes noutra Administración Pública.

4. As persoas aspirantes quedan vinculadas aos datos que fixeron constar na solicitude, se ben poderán corrixir ou reparar os erros de feito en calquera momento, ben de oficio ou ben a instancia de parte.

Cuarta.- Admisión das persoas aspirantes

1. O alcalde ditará a resolución na que acorde aprobar a listaxe de admitidos e excluídos, coa causa da exclusión, de ser o caso, unha vez que remate o prazo dos 7 días fixado para presentar as solicitudes. A resolución publicarase no taboleiro de anuncios da casa do concello e na web do concello. Esa listaxe terá carácter definitivo no caso de que as persoas excluídas non presenten reclamacións.

2. As persoas excluídas poderán corrixir ou emendar os defectos da solicitude no prazo de 3 días, contados a partir do seguinte ao da publicación da resolución da aprobación da listaxe. O alcalde ditará unha resolución na que acordará estimar ou desestimar as reclamacións, no caso de que as haxa. A listaxe definitiva de persoas admitidas publicarase no taboleiro de anuncios da casa do concello e na páxina web do concello.

Quinta.- Tribunal cualificador

O tribunal cualificador deste concurso-oposición estará integrado por:

Presidente:

- Titular: María José Fondo Balsas
- Suplente: Pablo García Rodríguez

Vogais:

- Titular: José María Salvador Sánchez
- Suplente: María Luísa Amado Ceán
- Titular: María Julia Ures Villar
- Suplente: Rosario Canosa Martínez
- Titular: Rubén Pérez Cotelo
- Suplente: María Remedios Varela Castro

Secretario:

- Titular: Cristina Castro Fuentes
- Suplente: Fernando Naya Abeleira

Todas as persoas membros do tribunal deberán posuír a titulación ou a especialización igual ou superior á esixida para acceder á praza e terán voz e voto.

As persoas membros do tribunal deberán absterse de intervir, comunicándolle ao alcalde cando concorran nelas algunha das circunstancias previstas no artigo 28 da Lei 30/92, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, así como cando realizaran tarefas de preparación de aspirantes durante os cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria.

As persoas aspirantes poderán recusar os membros do tribunal cando neles concorran algunha das circunstancias previstas para a abstención e de conformidade co establecido no artigo 29 da Lei 30/92.

Poderán incorporarse os outros vogais titulares que non concorreran á sesión constitutiva e os suplentes, de ser o caso, unha vez constituído o tribunal.

As persoas membros do tribunal que asistan ás sesións percibirán axudas de custo na contía legalmente establecida, sen prexuízo dos traballos previos de asistencia técnica que poidan realizar as persoas asesoras, que tamén serán compensadas na forma legalmente establecida.

Sexta.- Comezo dos exercicios

1. O alcalde acordará a data e a hora na que se deberá constituír o tribunal para os efectos de valorar o concurso e de elaborar as probas, xuntamente coa aprobación da listaxe definitiva de admitidos e a data da celebración do primeiro exercicio. A resolución publicarase no taboleiro de anuncios e na páxina web do concello.

2. As persoas aspirantes serán convocadas para cada exercicio en chamamento único. Os aspirantes que non comparezan quedarán decaídos no seu dereito, agás nos casos debidamente xustificadas que deberá resolver de xeito motivado o tribunal.

3. As persoas aspirantes deberán presentarse para realizar cada exercicio provistos do DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa personalidade a xuízo do tribunal, así como dos medios materiais adecuados e necesarios para practicalos.

Sétima.- Desenvolvemento dos exercicios das probas selectivas

1. O tribunal poderá requirirlles ás persoas opositoras que acrediten a súa identidade en calquera momento.

2. A orde de actuación das persoas opositoras para realizar aqueles exercicios que non se poidan facer de xeito simultáneo comezará polas que o primeiro apelido corresponda coa letra que determine a resolución da Consellería de Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública para o ano de celebración dos exercicios.

3. O tribunal deberá propoñerlle ao alcalde a exclusión das persoas aspirantes, logo de darlles audiencia, indicando as inexactitudes ou as falsidades que observe, se en calquera momento do proceso selectivo coñecera que algunha das persoas aspirantes non posúe a totalidade dos requisitos esixidos na convocatoria.

4. O tribunal fará pública a relación de aspirantes que superaron o exercicio, xunto coa puntuación obtida, no taboleiro de anuncios e na páxina web do concello, unha vez que remate cada un dos exercicios da oposición.

Terán a consideración de non aptos as persoas opositoras que non estean incluídas na relación.

5. A relación de persoas aprobados en cada exercicio sairá publicada no taboleiro de anuncios e na páxina web do concello 12 horas antes da nova reunión do tribunal, polo

menos e cando se trate do mesmo exercicio, e 24 horas antes cando se trate dun novo exercicio.

6. Dende o remate total dun exercicio ou proba ata o comezo do seguinte deberán transcorrer 72 horas polo menos e un máximo de 45 días naturais.

7. As persoas interesadas poderán interpoñer contra os acordos do tribunal o recurso administrativo ante o órgano competente, de conformidade coa Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Oitava.- Comezo e desenvolvemento das probas selectivas da fase de concurso

Fase de oposición:

Primeiro exercicio, de carácter obrigatorio e eliminatorio

Consistirá en contestar por escrito a un cuestionario tipo test de 50 preguntas con respostas alternativas baseadas no contido do programa da convocatoria, para os efectos de dar cumprimento ao previsto no Decreto lexislativo 1/2008, do 13 de marzo. As persoas aspirantes disporán de 70 minutos para realizar o test. O tribunal reunirase para elaborar o test, unha vez que estea constituído.

Segundo exercicio, de carácter obrigatorio e eliminatorio

Consistirá en realizar unha proba práctica sobre as funcións que hai que desenvolver (primeiros auxilios, excarceración de vehículos, incendios, etc), atendendo ao temario que figura como anexo I. Será o tribunal o que determine a proba antes de ser realizada.

Terceiro exercicio, proba de galego

O artigo 35 da Lei 2/2009, do 23 de xullo, de modificación do texto refundido da Lei da función pública de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, establece: "...nas probas selectivas que se realicen para o acceso ás prazas da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades locais de Galicia incluírase un exame de galego, agás para aqueles que acrediten o coñecemento da lingua galega conforme a normativa vixente..."

As persoas aspirantes deberán realizar unha proba que consistirá na tradución directa dun texto elixido polo tribunal do castelán para o galego sen axuda de dicionario, nun tempo máximo de 30 minutos, no cumprimento do sinalado no parágrafo anterior. Estarán exentas desta proba as persoas aspirantes posuír o Celga 2, antes de que remate o prazo para presentar as solicitudes, curso de iniciación ou estudos equivalentes.

Este exercicio ten carácter obrigatorio e eliminatorio.

Fase de concurso:

As persoas aspirantes non poderán obter na fase de concurso máis de 8.00 puntos. O tribunal valorará os méritos que aleguen e xustifiquen as persoas aspirantes conforme ao seguinte baremo:

1. Méritos profesionais

a) Por cada mes completo desempeñando un posto de traballo como persoal de GRUMIR ou nos grupos municipais de emerxencias nos últimos catro anos: 0,10 puntos ata un máximo de 3 puntos

b) Por cada mes completo prestando, nos últimos catro anos, servizos operativos de intervención directa en emerxencias, accidentes, incendio, e outras labores de salvamento, no ámbito da protección civil municipal ou agrupacións de voluntarios de protección civil de carácter público, nos últimos catro anos: 0,10 puntos, ata un máximo de 2,5 puntos.

c) Por ter prestados servizos en calquera das administracións públicas en postos de traballo semellantes aos que se convocan, nos últimos catro anos: 0,10 puntos por cada mes completo ata un máximo de 0,5 puntos.

O tribunal con computará servizos que fosen prestados simultaneamente con outros igualmente alegados e reduciranse proporcionalmente os prestados a tempo parcial ou en períodos de tempo menores aos sinalados, para os efectos de puntuar os méritos profesionais.

2. Cursos, seminarios, congresos, xornadas

Participar en actividades formativas, sempre que estean relacionadas coas funcións que hai que desenvolver e que fosen organizados ben por unha administración pública, unha universidade ou que fosen impartidos por empresas privadas homologados por unha administración pública:

- Por cursos de 10 a 20 horas de duración: 0,10 puntos
- Por cursos de 21 a 40 horas de duración: 0,20 puntos
- Por cursos de 41 a 100 horas de duración: 0,30 puntos
- Por cursos de máis de 100 horas de duración: 0,50 puntos

O tribunal valorará coa puntuación mínima os cursos nos que non conste a duración.

Os seminarios permanentes que duren un curso lectivo deberán especificar o número de horas. O tribunal valoraralos coa puntuación mínima se non consta o número de horas.

Establécese unha equivalencia de 5 horas por cada día de curso, no suposto de que a duración se exprese en días.

A documentación que terán que presentar as persoas aspirantes para xustificar os méritos que alegan para valorar conforme ao baremo será a seguinte en cada caso:

A experiencia profesional como persoal de GRUMIR, protección civil ou nunha praza ou posto de igual contido no ámbito da administración pública xustificárase presentando unha certificación expedida pola Secretaría ou por calquera outro órgano da administración con competencias en materia de persoal, onde constarán os seguintes datos:

- Denominación dos postos de traballo que desempeñaran con expresión do tempo que os ocupara
- Relación xurídica que mantivo ou mantén no desempeño dos postos coa administración

A persoa interesada terá que achegar un certificado no que consten as funcións que desenvolveu para acreditar que ocupa ou ocupou unha praza ou posto de igual contido, cando non coincidan a denominación do que ocupara co da praza á que opta.

A persoa interesada na valoración do sinalado no punto 2º, deberá achegar orixinal e copia ou no seu caso copia compulsada dos documentos oficiais que acrediten os méritos sinalados.

Os puntos que as persoas aspirantes obteñan na fase de concurso sumaranse á puntuación obtida na fase de oposición, para os efectos de establecer a orde definitiva de aspirantes aprobadas/os. Estes puntos non poderán ser aplicados para superar os exercicios da fase de oposición. A puntuación máxima que se vai outorgar nos anteriores apartados será a seguinte:

- Méritos profesionais: máximo 6,00 puntos
- Cursos e seminarios, etc.: máximo 2,00 puntos

Novena.- Cualificación dos exercicios da oposición

O tribunal cualificará de 0 a 10 puntos cada un dos exercicios obrigatorios e eliminatorios. As persoas aspirantes deberán obter un mínimo de 5,00 puntos para aprobar cada un dos exercicios e para acceder ao seguinte.

A cualificación final virá determinada pola suma das cualificacións parciais que obteñan as persoas aspirantes que foran superando todos e cada un dos exercicios obrigatorios e eliminatorios. A aquelas/es aspirantes que non superen a fase de oposición non lles computará a fase de concurso.

Décima.- Cualificación final e relación de persoas aprobadas

1. A cualificación final obterase sumando a puntuación obtida na fase de concurso e na fase de oposición. O tribunal publicará no taboleiro de anuncios e na web do concello a relación de aprobados por orde de puntuación, logo de determinar a cualificación final das persoas aspirantes .

2. O tribunal non poderá aprobar nin declarar que superaron as probas selectivas un número superior de aspirantes ao do número de prazas. Será nula de pleno dereito a proposta persoas aprobadas que contraveña o establecido anteriormente.

3. Porén, o tribunal non terá en conta a limitación anterior, ao cualificar cada uno dos exercicios. Só se terá en conta a limitación anterior para formularlle á Alcaldía a proposta coa puntuación final de persoas aprobadas, que non poderá superar ao número de prazas convocadas.

4. O tribunal resolverá os empates nas puntuacións totais tendo en conta a maior puntuación obtida no primeiro exercicio e, se isto non é suficiente, terá en conta a puntuación obtida nos seguintes exercicios ata que o empate se resolva. O tribunal resolverá os casos de empate mediante un sorteo celebrado diante das persoas interesadas, no caso de que o empate persista.

Décimo primeira.- Achega de documentos por parte das persoas aspirantes propostas, nomeamento e toma de posesión

As persoas aspirantes propostas presentarán os documentos que acrediten a capacidade e os requisitos que esixe a convocatoria dentro do prazo de vinte días naturais, contados a partir da publicación da relación de persoas aprobadas:

- Fotocopia compulsada do Documento Nacional de Identidade, por ambos os dous lados

- Declaración xurada de non ter sido separado do servizo das administracións públicas e non estar incurso en algunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente

- Certificado médico de non padecer enfermidade que inhabilite para o exercicio da función

- Fotocopia compulsada do carné de conducir esixido na convocatoria

As/os aspirantes propostas/os que non presenten no prazo indicado, agás forza maior, a súa documentación ou que non reúnan os requisitos esixidos non poderán ser contratados e quedarán anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo das responsabilidades nas que incorresen por falsidade na instancia na que solicitan participar no proceso selectivo.

Décimo segunda.- Carácter vinculante das bases

As bases xerais e específicas desta convocatoria vinculan á Administración Municipal, aos tribunais cualificadores e ás/aos aspirantes que participen no proceso selectivo.

Décimo terceira.- Incidencias

O tribunal deste proceso selectivo queda facultado para interpretar as bases da convocatoria, así como para resolver as dúbidas e as incidencias que produza a súa aplicación. O tribunal poderá adoptar os acordos necesarios para este efecto, procurando a boa orde e o bo desenvolvemento do proceso selectivo.

Décimo cuarta.- Listaxe de reserva

Elaborarase unha listaxe de reserva, por orde decrecente de puntuación. Esas persoas poderán ser chamadas para futuras contratacións derivadas de baixas, substitucións, etc.

A listaxe estará vixente ata o 31 de decembro de 2015.

As persoas aspirantes que superaran todos os exercicios serán borradas da listaxe se renuncian a seren contratadas.

As persoas aspirantes que superaran todos os exercicios pasarán a ocupar o último lugar da listaxe se renuncian durante a vixencia do contrato.

As/os aspirantes que estiveran contratados volverán a ocupar o lugar que tiñan na listaxe por orde de puntuación, unha vez que remate o período de contratación.

Décimo quinta.- Recursos

As persoas interesadas poderán impugnar estas bases e cantos actos administrativos se deriven delas e da actuación do tribunal ante o órgano da xurisdición contencioso-administrativa competente, de conformidade coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ao da súa última publicación. As persoas interesadas tamén poderán presentar o recurso potestativo de reposición ante o alcalde, no prazo de un mes, contado dende o día seguinte ao da súa última publicación, ou calquera outro recurso que consideren que procede, de conformidade coa Lei 30/92, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Anexo I.- Temario

1. Protección civil. Funcións básicas e organización da protección civil en Galicia. Capítulos IV a VI do Plan Territorial de Emerxencias de Galicia
 - 2 Planificación en protección civil: Plans de emerxencia municipal
 3. Incendios urbanos: teoría do lume, tipos de lumes, equipos e medios contra os incendios
 4. Incendios forestais: tipos de incendios forestais, comportamento do lume, actuacións de prevención, métodos e medios de extinción
 5. Accidentes de tráfico e excarceración
 6. Mercadorías perigosas: clasificación, principais riscos, identificación, transporte e intervención en accidentes con mercadorías perigosas
 7. Fundamentos de primeiros auxilios: conceptos e clases, soporte vital básico e atención inicial nas emerxencias
 - 8 Plans de autoprotección: contido mínimo dos plans de autoprotección (Decreto 171/2010, do 1 de outubro, sobre plans de autoprotección na Comunidade Autónoma de Galicia)
- As persoas que superaran o proceso selectivo realizarán un curso teórico e práctico na Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP), antes de ingresar no Grupo de Emerxencia Supramunicipal.
- O curso selectivo responde ao seguinte modelo:

“DATOS XERAIS DO CURSO

1. Familia Profesional: Seguridade e Medio Ambiente. Área profesional: Protección Civil
2. Denominación do curso: Intervención en emerxencia
3. Código:
4. Tipo de curso: Específico
5. Obxectivo xeral: Formación do persoal dos grupos de emerxencia supramunicipal para o exercicio da súa actividade laboral de intervención en incendios forestais e urbanos, accidentes de tráfico, situacións derivadas de riscos naturais e calquera outra tarefa en materia de protección civil e emerxencias
6. Requisitos do profesorado:
 - 6.1. Nivel académico: titulación universitaria- a que corresponda
 - 6.2. Experiencia profesional: Deberá ter 2 anos de experiencia na ocupación
 - 6.3. Nivel pedagóxico: Formación metodolóxica ou ben experiencia docente
7. Requisitos dos alumnos para acceder ao curso:
 1. Nivel académico ou de coñecementos xerais: - Estar en posesión do título de graduado escolar, formación profesional de primeiro grao ou titulación equivalente
Estar en posesión do carné de conducir da clase C
 - 7.2. Nivel profesional ou técnico: Non se require
 - 7.3. Condicións físicas: carencia de afeccións, integridade física, resistencia física, forza, destreza manual, coordinación, visión motora, rapidez de reflexos....aquelas que non impidan o normal desenvolvemento da profesión”.
8. Número de alumnos: 12 alumnos por edición, sen prexuízo de que este número poida ser superior por razóns operativas, ao realizar conxuntamente a formación de varios GES.

9. Relación secuencial de módulos formativos:

- Incendios urbanos e industriais (28 horas)
- Incendios forestais (14 horas)
- Accidentes de tráfico (21 horas)
- Primeiros auxilios (7 horas)

10. Duración:

Prácticas: 50 horas

Contidos teóricos: 20 horas

Total: 70 horas

O curso durará dúas semanas en sesións de 7 horas diarias, de luns a venres.

11. Equipo e material:

11.1 Equipo, maquinaria:

- Dotación completa de medios de protección contra incendios de tipo manual (extintores, mangueriras, batelumes, teas de goteo)
- Paneis sinópticos explicativos do funcionamento do sistema de detección de incendios, alarma e extinción automática
- Radiotransmisores
- Equipo de primeiros auxilios
- Equipo portátil de bombeo
- Grupos electrógenos
- Autobombas urbana e forestal
- Equipo de corte en frío (cizallas, radiais, etc.)

11.2. Material de consumo:

- Folios
- Cadernos
- Bolígrafos
- Lapis

11.3 Material didáctico:

- Manual básico do curso
- Caderniño de ponencias

11.4 Elementos de protección: No desenvolvemento das prácticas utilizaranse os medios necesarios de seguridade e saúde laboral e observaranse as normas legais establecidas para o respecto.

DATOS ESPECÍFICOS DO CURSO

Denominación do módulo núm. 1: Incendios urbanos e industriais

Obxectivos do módulo:

- Identificar os tipos de combustión
- Coñecer os tipos de combustión
- Coñecer os equipos de protección individual

- Identificar tipos axentes extintores
- Identificar tipos de instalacións de auga
- Identificar tipos de bombas
- Coñecer a condución de vehículos de emerxencias e o seu posicionamento
- Coñecer os distintos tipos de bombas, o seu funcionamento, o seu uso e necesidades de mantemento
- Coñecer os procedementos de actuación en incendios urbanos e industriais

Duración do módulo: 28 horas

Contidos formativos do módulo:

A) Prácticas:

- Prácticas de tendidos de mangueras
- Prácticas de mantemento de bombas e impulsión
- Prácticas de condución e de posicionamento de vehículos
- Prácticas de desprazamento en lugares de visibilidade reducida
- Prácticas de extinción de vehículos. Prácticas de actuación en materias perigosas
- Prácticas de extinción de incendios de gases.

B) Contidos teóricos.

- Tipos de combustión
- Equipos de protección individual. O traxe de intervención. O ERA: partes, uso e mantemento
- Axentes extintores: espumas, extintores portátiles, auga
- Instalacións de auga: mangueras, hidrantes, columnas secas e BIE
- Traxes de aproximación e de penetración ao lume. Traxe NBQ
- Bombas, bombas de achique y turbobombas. Uso e mantemento
- Intervención con risco eléctrico
- A química do lume
- Axentes extintores
- Localización do foco
- Orientación, busca e rescate
- Equipos de respiración asistida
- Entradas forzosas
- Risco químico. Identificación de mercadorías perigosas

Denominación do módulo núm. 2: Incendios forestais

Obxectivos do módulo:

- Identificar os factores que afectan ao comportamento dun lume forestal
- Coñecer os métodos e medios de prevención e extinción de incendios forestais
- Coñecer os procedementos de actuación en incendios forestais
- Coñecer as normas de seguridade na prevención e extinción de incendios forestais

Duración do módulo: 14 horas.

Contidos formativos do módulo:

A) Prácticas:

- Prácticas de identificación das partes dun lume forestal
- Prácticas de extinción mediante ataque directo con ferramentas manuais
- Prácticas de extinción mediante ataque directo con liña de auga
- Prácticas de extinción mediante ataque indirecto: a queima do ensanche e o contralume

B) Contidos teóricos:

- A prevención de incendios forestais: actuación sobre os combustibles forestais
- A detección de incendios forestais: o proceso de comunicación
- Medios para a extinción de incendios forestais
- Métodos de extinción de incendios forestais
- Organización do combate: etapas, primeiro ataque e ataque ampliado
- Situacións de perigo e normas de seguridade

Denominación do módulo núm. 3: Accidentes de tráfico

Obxectivo do módulo: Coñecer os procedementos de intervención en accidentes de tráfico

Duración do módulo: 21 horas

Contidos formativos do módulo:

A) Prácticas:

- Prácticas vehículos
- Desencarcelación, excarceracións e simulacións

B) Contidos teóricos:

- Introducción aos accidentes de tráfico
- Coordinación en accidentes de tráfico
- Seguridade pasiva
- Estabilización de vehículos
- Seguridade persoal en accidentes de tráfico
- Sistemática de intervención en accidentes de tráfico prácticas con vehículos.

Denominación do módulo núm. 4: Primeiros auxilios

Obxectivos do módulo:

- Coñecer procedementos que hai que seguir en primeiros auxilios
- Identificar tipos de quemaduras
- Identificar tipos de traumatismos
- Identificar outros tipos de lesións e feridas

Duración do módulo: 7 horas

Contidos formativos do módulo:

A) Prácticas:

- Reanimación: tipos
- Rescates con feridas
- Rescates de interior de vehículos
- Desencarcelación, excarcelacións e simulacións

B) Contidos teóricos:

- Queimaduras
- Alteracións eléctricas
- Afogamentos
- Traumatismos cranioencefálicos, medulas, torácico-abdominais
- Reanimación cardiopulmonar
- Feridas e hemorraxias
- Luxacións e contusións
- Torceduras
- Pautas de actuación en accidentes de tráfico
- Equipos de corte y separación
- Equipos hidráulicos
- Excarceracións

Ponteceso, 12/06/2013

O alcalde

José Luis Fondo Aguiar